



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

1 / 1

Sr. Delegado Provincial
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas
Rúa do Paseo nº 18-5º
Ourense

Asunto: Proxecto de "Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)".

Sr. Delegado Provincial,

En nome e representación da SGHN, como Presidente da asociación, e co fin de obter os permisos necesarios desa Delegación Provincial, achégolle copia da "Memoria descritiva", o "Informe arqueolóxico" e o "Informe xeolóxico" do proxecto "Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)" que SGHN pretende levar a cabo nunha parcela da súa propiedade.

En Santiago de Compostela a 4 de novembro de 2013

Serafín González Prieto

Presidente SGHN



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 04/11/2013 11:39:28

ENTRADA 24413 / RX 844277



Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)

MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROXECTO

1. ENTIDADE PROMOTORA

Nome: Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). CIF: G-15037211

Enderezo: Apartado de Correos 330, 15780-Santiago de Compostela

Teléfonos: 881 931 315 - 881 931 314 - 698 141 384

Correo electrónico: antela@sghn.org. Páxina web: sghn.org

Persoas de contacto para o proxecto: Serafín J. González Prieto (626 595 593) e Isabel Álvarez Balvís (649441518)

1.1. Obxectivos de SGHN

De acordo co Artigo 5 dos seus Estatutos, a SGHN é unha asociación independente e científica, dedicada ao estudo, divulgación, conservación e defensa do medio natural, que non ten na súa actuación fins lucrativos. Os seus obxectivos son: a) organizar actividades de estudo e divulgación, así como fomentar e difundir o interese e a preocupación polo coñecemento, conservación e defensa da natureza, b) organizar, promover e apoiar todas as accións que se consideren para a defensa da natureza e o medio ambiente, c) publicar revistas e traballos científicos, divulgativos e informativos, e d) outros fins, relacionados coa natureza e o medio ambiente, que acorde a súa Asemblea Xeral.

Entre as accións que SGHN desenvolve para “a defensa da natureza e o medio ambiente” inclúese dende hai 21 anos a custodia do territorio pois xa en 1992 (15 anos antes de que se recollera na Ley 42/2007) púxose en marcha un dos primeiros acordos en Galicia: a Comunidade Cisterciense de Sobrado dos Monxes cedía á SGHN durante 10 anos a xestión da lagoa de Sobrado e terreos colindantes coa única fin de conservar e poñer en valor a través de actividades divulgativas e educativas este importante humidal.

En xullo de 2010, integrada por SGHN, a asociación Rabo de Galo e o G.N. Hábitat, comezou a andadura da Fundación Fragas de Mandeo que ten como principal obxectivo estatutario “realizar labores de custodia do territorio na comarca das Mariñas (A Coruña) con fins de conservación da paisaxe e dos ecosistemas naturais, coa súa fauna, flora e xea asociadas, así como fomentar a custodia do territorio como fórmula para protexer a natureza e promover a súa conservación”.

Coincidindo co 40 aniversario da Convención de Ramsar, o 02-02-2011, SGHN creou a Sección Antela (a única das súas sete seccións que está centrada nun territorio concreto) cos fins de:

- Coñecer, divulgar e salvagardar os valores naturais e tradicionais da comarca de A Limia, así como buscar a oportunidade de potenciais.
- Compatibilizar a recuperación de humidais e zonas marxinais de A Limia coa explotación agrogandeira sostible, sen afeccións negativas a sectores económicos produtivos.

1.2. Actividades previas de SGHN no ámbito espacial do proxecto

Dende a constitución da súa Delegación en Ourense hai xa máis de 30 anos, SGHN leva desenvolvidos moitas actuacións e proxectos en A Limia, entre os que se poden salientar os seguintes:

- ▲ Censos de aves acuáticas invernantes: dende 1985 ata a actualidade.
- ▲ Atlas de Vertebrados de Galicia, publicado no ano 1995, primeiro atlas destas características en España.
- ▲ Atlas de Anfibios e Réptiles, publicado en 2010 e actualizado en 2011.

Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)

- ▲ Publicación en 2011 de “*Un conto de verdade: a historia de Antela contada por unha cegoña*”, libríño divulgativo dirixido a humanos de 9 a 99 anos para difundir os valores naturais de A Limia e, ao mesmo tempo, recadar fondos para os fins de SGHN-Sección Antela. O conto xa foi presentado na Casa da Cultura (Xinzo de Limia), no CEIP Rosalía de Castro (Xinzo de Limia), no Edificio Simeón (Ourense) e no Museo de Historia Natural da SGHN (Ferrol).
- ▲ Seguemento do estado de conservación das zonas de maior valor ambiental da chaira da Limia, reflectido en 27 publicacións das que as seguintes son unha pequena escolma:
 - Capítulos do libro “*Antela: A memoria asolagada*” (X.L. Carneiro Ed.). Edicións Xerais de Galicia
 - Álvarez, I. Freán, M. (1997). *Bión na carreira da auga e bugallas na bosqueira*.
 - González Prieto, S.J. (1997). *De auga redonda a auga levada*.
 - González Prieto, S.J. (1997). *As leiras do espido*.
 - Villarino, A. (1997). *Da cigoñeira á fonte da bubela*.
 - González, S., Rubinos, M., Villarino, A., Ramil, P. (2013). *Patrimonio natural. Encadre bioclimático y fauna de vertebrados da Limia*. Grupo Marcelo Macías, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Ourense.
 - González Prieto, S.J., Villarino, A. (2003). *Criterios científicos ornitológicos para la declaración como ZEPA de la IBA ES008 “A Limia” (Ourense, España)*. En: Actas del V Congreso Galego de Ornitoloxía (Coord. Serafín González Prieto). págs. 33-45. S.G.H.N., Santiago de Compostela.
 - González Prieto, S.J., Villarino, A. (2003). *Impacto de las concentraciones parcelarias sobre la avifauna reproductora de la IBA ES008 “A Limia” (Ourense, España)*. En: Actas del V Congreso Galego de Ornitoloxía (Coord. Serafín González Prieto). págs. 47-59. S.G.H.N., Santiago de Compostela.
 - González, S.J., Villarino, A., Bárcena, F. (2013). *Vertebrados da Limia, dende a lagoa de Antela ós nosos días. 2 Aves: Paseriformes*. Limaia Edicións (en preparación).
 - Villarino, A., González-Prieto, S.J., Bárcena, F. (2002). *Vertebrados da Limia, dende a lagoa de Antela ós nosos días. 1 Aves: Gaviiformes a Piciformes*. Limaia Edicións.

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO

2.1. Identificación e descrición da parcela de actuación

O pasado 25-03-2013 SGHN adquiriu da Axencia Tributaria, por enaxenación en poxa pública, a parcela rústica número 201, polígono 503, paraje Escudeiro, superficie de 12.780 m², zona de concentración parcelaria de Trasmiras, sita na antiga veiga de Vilaseca, a cabalo dos concellos de Sarreaus e Trasmiras pero administrativamente asignada ao segundo. A parcela atópase fóra da ZEPA de A Limia pero é limítrofe coa mesma e sitúase totalmente dentro da súa Zona Periférica de Protección (véxase Plano 1). SGHN ten previsto adicar dita parcela a un proxecto de restauración de humidais deseñado para posibilitar a súa recolonización por especies de flora e fauna incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e nos Libros Vermellos estatais.

A parcela formaba parte da antiga veiga de Vilaseca e Lodoselo, coa vexetación herbácea característica das chairas de asolagamento temporais dos cursos fluviais limiaos e aproveitada para gandería en extensivo (véxase Plano 2: situación da parcela na foto aérea do voo americano de 1955). A raíz do encanamento dos pequenos cursos fluviais deste sector de A Limia e ao abandono do pastoreo logo da concentración parcelaria, o mato invadiu progresivamente a parcela ata cubrir na actualidade algo máis da metade da súa superficie (véxase Plano 3: imaxe actual do SIGPAC).

Nas prospeccións realizadas polo personal cualificado redactor do presente proxecto e os seus asesores non se atopou ningún hábitat de interese ou conservación prioritaria segundo a Directiva 92/43/CEE. Ademais de retazos da vexetación herbácea característica das veigas, a parcela está cuberta por unha xesteira-toxeira dominada por *Cytisus* spp., *Ulex europaeus*, *Ulex minor*, con exemplares illados de *Calluna vulgaris*. Ao longo da canle de desougamento que constitúe o lindeiro N da parcela, e illadamente nas zonas máis

Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)

enchoupadas, hai algúns pes de *Salix* spp e *Frangula alnus* de pouco porte. Non se detectou a presenza actual de ningunha especie de flora incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas ou nos Libros Vermellos estatais.

2.2. Xustificación ambiental e finalidade do proxecto

O desogamento da lagoa de Antela e as chairas de asolagamento na Limia provocou o maior episodio de extinción de especies dos últimos séculos en Galicia e decimou as poboacións doutras hoxe consideradas ameazadas en España e Galicia.

As figuras de protección (LIC Veigas de Ponteliñares, ZEPA A Limia, Reserva Biosfera “Terras de Allariz”) apenas contribuíron a mellorar a situación dos humidais relictos e as especies máis ameazadas. Ademais, a carencia dunha estratexia de comunicación das oportunidades de desenvolvemento rural que ditas figuras ofrecen, agravou a oposición vecinal ás mesmas.

Nunha zona especialmente refractaria a calquera iniciativa de conservación ambiental e forte oposición ás súas figuras de protección (LIC, ZEPA, Reserva Biosfera), preténdese demostrar que é posible, e necesario, a recuperación de humidais desaparecidos e especies ameazadas cun enfoque global e integrador:

- Prestando atención a toda a biodiversidade (flora, peces, invertebrados, hérxpetos e aves).
- De forma coherente e complementaria coas accións do proxecto Life Tremedal (grupo de investigación Territorio e Biodiversidade TB-1934 do IBADER-USC; ver cartas de apoio).
- De modo compatible coa explotación agrícola e gandeira sostenible.
- Con actuacións de "doble beneficio" ambiental na que os áridos extraídos para restaurar parcialmente un antigo humidal reciclaranse co mesmo fin nunha antiga explotación areeira.
- Xestionando os restos de desbroces sen recorrer ao uso do lume, na provincia con máis incendios de toda España.

Nos retazos que aínda subsisten da antiga veiga de Vilaseca hai un pequeno núcleo reprodutor de *Vanellus vanellus* que mantén nos últimos anos unha poboación de 3-5 parellas, cifra cativa pero que representa ao redor da cuarta parte dos efectivos reprodutores en Galicia. En base á información científica recollida en experiencias semellantes levadas a cabo no Reino Unido, Suecia e outros países europeos (Berg et al., 2002; Grevilliot e Muller, 2002; Youngs, 2005; Smart et al., 2006; Eglinton et al., 2008, 2010), a finalidade do proxecto é revertir a degradación sufrida por desogamento e roturación nunha parte do sector SE do antigo complexo húmido Limia-Antela, en área colindante coa ZEPA da Limia, proporcionando as condicións óptimas de cría de *Vanellus vanellus* para consolidar e incrementar o seu núcleo reprodutor na zona. Tendo en conta esa mesma información científica, as actuacións previstas proporcionarían tamén un hábitat óptimo de cría para *Tringa totanus*, especie extinta como reprodutora en Galicia dende que criou por última vez en A Limia en 1978 (Villarino et al., 2002).

Ademais, a execución do proxecto podería facilitar a recolonización natural da zona por outras oito especies de flora e fauna ameazadas que foron fortemente afectadas polos procesos de desogamento e transformación agraria de zonas húmidas: *Eryngium viviparum*, *Gasterosteus gymnurur*, *Pelobates cultripes*, *Hyla arborea*, *Lacerta schreiberi*, *Gallinago gallinago*, *Numenius arquata* e *Himantopus himantopus* (véxanse Benseniti et al., 2002; Galán et al., 2010; Lansdown, 2011, Márquez, 2002; Romero et al., 2004; Tejedo e Reques, 2002). Aínda que non está catalogada malia súa rareza na península ibérica, tamén se podería beneficiar o invertebrado *Lepidurus apus*.

Dende un punto de vista hidrolóxico, as actuacións aliñanse coas medidas para acadar un bó estado ecolóxico das masas de auga na chaira limiá prevista no Plan Hidrolóxico vixente (Real Decreto 285/2013) pois contribuirán modestamente (pola limitada superficie da parcela) a mellorar a cantidade e calidade das augas superficiais ao laminar as enchentes e diminuír a contaminación agrícola difusa.

Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)

2.3. Obxectivos específicos

- Recuperar terreos hoxe desecados como humidais temporais.
- Adecuar superficie para prolongar o período de asolagamento outono-primaveral coincidindo co ciclo biolóxico das especies citadas. Prevese acadar un mosaico de hábitats axeitados para as especies obxectivo:
 - Mínimo 30% de asolagamentos prolongados (neo-cauces).
 - Mínimo 30% de asolagamentos regulares de corta duración (pasteiro húmido).
 - Ata un 40% de terreos coa cota actual e asolagables sólo excepcionalmente (pasteiro e mato higrófilo).
- Manexar o habitat para favorecer a implantación das especies obxectivo.
- Crear un promontorio de observación e divulgación ambiental.

3. ACTUACIÓNS PREVISTAS

1. Desbroce selectivo do mato que invadiu uns 8.000 m² da parcela de actuación despois do desougamento da zona e o abandono da gandería extensiva. Fronte ao modelo de xestión mediante queima destes residuos imperante en Galicia (máis de 300.000 permisos de queima anuais), como exemplo demostrativo dunha alternativa de xestión o material máis fino compostarase *in situ* (ou se cederá a veciños que o queiran empregar como cama para o gando), mentres que os materiais máis grosos empregaranse para conformar o composteiro ou crear refuxios para micromamíferos. O compost obtido empregarase tamén *in situ* para facilitar a revegetación dos noiros do montículo que se creará na Actuación 3. Tamén se rozará a vexetación herbácea para a súa conservación e rexeneración.
2. Excavación de 700 m lineais de “neo-cauces” meandriformes, pouco fondos e estacionais, cunha sección trapezoidal variable con 5-7 m de largura na rasante actual do terreo, 0,5-2 m de largura no leito, profundidade máxima de 70 cm (semellante á das gabias da pista colindante) e pendente menor do 30% nas beiras (véxanse Planos 4 e 5). Tendo en conta as condicións hidrolóxicas actuais da parcela, dito deseño proporcionará condicións axeitadas para a cría exitosa de *Vanellus vanellus* e *Tringa totanus*, así como para a posta de *Pelobates cultripes*, a colonización por *Lepidurus apus* e *Gasterosteus gymnurus*, a ocupación/cría de *Gallinago gallinago*, *Numenius arquata* e *Himantopus himantopus* e unha hipotética recolonización por *Eryngium viviparum*. O movemento de terras previsto é duns 3.600 m³. Procederá á retirada e posterior recolocación *in situ* duns 1.500 m³ de terra vexetal (horizonte A) e á retirada duns 2.100 m³ de áridos (horizonte C) dos cales 440 m³ adicaranse ao montículo previsto na Actuación 3 e 1.700 m³ adicaranse a reperfilarse con criterios ecolóxicos os noiros actualmente verticais dunha antiga explotación de áridos sita a 19 km de distancia que usurpou unha parcela propiedade do Banco de Terras-Xunta de Galicia no concello de Vilar de Santos, solicitada en aluguer por 30 anos por SGHN. Conseguiríase así un dobre beneficio ambiental ao adecuar os noiros da antiga areneira para facilitar a súa colonización pola flora e fauna acuáticas gracias aos áridos extraídos co mesmo fin na parcela propiedade de SGHN. Caso de que non se confirmase a cesión en aluguer á SGHN da devandita parcela do BANTEGAL, considéranse como alternativas: a) empregar os áridos para restaurar os noiros dunha areeira de propiedade privada e/ou b) cedelos ao concello de Trasmiras para o arranxo de pistas.
3. Creación dun montículo para empregalo con finalidade de observatorio e divulgación ambiental na esquina SO da parcela (aprox. 250 m² de superficie na base, 50 m² de superficie na parte superior plana, 3 m de altura e noiros con pendente 1:2; espazo marcado en verde no Plano 4).

4. DIRECCIÓN E ASESORAMENTO

Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)

Para o dirección das actuacións cóntase con cinco dos maiores especialistas sobre os ecosistemas límias:

- Dna. Isabel Álvarez Balvís, Licenciada en Ciencias Biolóxicas,
- Dna. Alejandra Couto Vázquez, Doctora en Bioloxía,
- D. Marcos Freán Hernández, naturalista con máis de 30 anos de experiencia en A Limia,
- D. Serafín González-Prieto, Doctor en Ciencias Biolóxicas e Investigador Científico do CSIC,
- D. Antonio Villarino Gómez, naturalista con 40 anos de experiencia en A Limia,

mentres que para o asesoramento e a supervisión das actuacións cóntase co apoio de expertos galegos de recoñecido prestixio en arqueoloxía, botánica, ecoloxía, herpetoloxía, ornitoloxía e xeoloxía:


- D. Jesús Domínguez Conde, Doctor en Ciencias Biolóxicas, Profesor da Universidade de Santiago de Compostela e gran especialista en aves límícolas.
- D. Pedro Galán Regalado, Doctor en Bioloxía, Profesor da Universidade de A Coruña e gran especialista en hérpets.
- D. Juan Manuel González Carballo, arqueólogo con grande experiencia en avaliacións arqueolóxicas para proxectos públicos e privados.
- D. Pablo Ramil Rego, Doctor en Ciencias Biolóxicas, Profesor da Universidade de Santiago de Compostela e gran especialista en botánica e Directiva Hábitats.
- D. José Ramón Seara Valero, Doctor en Xeoloxía, Profesor da Universidade de Vigo e experto en xeoloxía e ordenación do territorio.

5. BIBLIOGRAFÍA CITADA

1. Bensetiti, F., Gaudillat, V., Malengreu, D., Queré, E. 2002. *Eryngium viviparum* Le panicaut nain vivipare. En: Cahiers d'habitats. Natura 2000. Connaissance et gestion des habitats et des espèces d'intérêt communautaire. Tome 6. Espèces végétales. Museum National d'Histoire Naturelle. Paris, 270 págs.
2. Berg, A., Jonsson, M., Lindberg, T., Kallebrink, K.G. 2002. Population dynamics and reproduction of Northern Lapwings *Vanellus vanellus* in a meadow restoration area in central Sweden. *Ibis* 144, 131-140.
3. Eglinton, S.M., Gill, J.A., Bolton, M., Smart, M.A., Sutherland, W.J., Watkinson, A.R. 2008. Restoration of wet features for breeding waders on lowland grassland. *J. Appl. Ecol.* 45, 305-314.
4. Eglinton, S.M., Bolton, M., Smart, M.A., Sutherland, W.J., Watkinson, A.R., Gill, J.A. 2010. Managing water levels on wet grasslands to improve foraging conditions for breeding northern lapwing *Vanellus vanellus*. *J. Appl. Ecol.* 47, 451-458.
5. Grevilliot, F., Muller, S. 2002. Grassland ecotopes of the upper Meuse as references for habitats and biodiversity restoration: A synthesis. *Landscape Ecol.* 17, 19-33.
6. Galán, P., Cabana, M., Ferreiro, R. 2010. Estado de conservación de *Pelobates cultripes* en Galicia. *Bol. Asoc. Herpetol. Esp.* 21, 1-10.
7. Lansdown, R. 2011. *Eryngium viviparum*. In: IUCN 2011. IUCN Red List of Threatened Species. Version 2011.2. <www.iucnredlist.org>.
8. Márquez, R. 2002. *Hyla arborea* (Linnaeus, 1758). Ranita de San Antón. En: Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España (Pleguezuelos, J.M., Márquez, R. y Lizana, M., eds). Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española. Madrid. Págs. 94-96.
9. Plan Hidrológico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, aprobado mediante o Real Decreto 285/2013, de 19 de abril.
10. Romero, M.I. et al. 2004. Conservation status of *Eryngium viviparum* Gay. *Acta Bot. Gallica* 151, 55-64.

**Restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca
para a recuperación de especies ameazadas (Trasmiras, A Limia, Ourense)**

11. Smart, J., Gill, J.A., Sutherland, W.J., Watkinson, A.R. 2006. Grassland-breeding waders: identifying key habitat requirements for management. *J. Appl. Ecol.* 43, 454-463.
12. Tejedo, M., Reques, R. 2002. *Pelobates cultripes* (Cuvier, 1829). Sapo de espuelas. En: Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España (Pleguezuelos, J.M., Márquez, R. y Lizana, M., eds). Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española. Madrid. Págs. 94-96
13. Youngs, T. 2005. Wet grassland practical manual: breeding waders. RSPB. 23 págs.



Plano 1. Sector SE da ZEPa de A Limia (azul) e parcela propriedade de SGHN (vermelho).






Plano 2. Fotografía aérea de Vilaseca e a súa veiga en 1955 e parcela de SGHN (delimitada en vermello).



Plano 3. Imaxe actual no SIGPAC da parcela de SGHN.



Plano 4. Simulación dos neo-cauces meandriformes e charcas (azul) e promontorio para observatorio (verde) na parcela da SGHN.



Plano 5. Corte transversal dos neocauces meandriformes.

PROXECTO DE REFERENCIA:

**RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE
VILASECAPARA ARECUPERACIÓN DE ESPECIES AMEAZADAS (TRASMIRAS, A
LIMIA, OURENSE)**

FICHA TÉCNICA:

PROXECTO DE REFERENCIA: RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE
VILASECAPARA ARECUPERACIÓN DE ESPECIES AMEAZADAS (TRASMIRAS, A LIMIA, OURENSE)

LUGAR: Escudeiros, Veiga de Vilaseca, A Limia.

CONCELLO: Trasmiras / Sarreaus

Cota: 629 m.s.n.m

Loc (centro). UTM 29T ED50: 614791,4658295

PROMOTOR: Sociedade Galega de Historia Natural

ARQUEÓLOGO: D. Juan Manuel González Carballo

AVALIACIÓN ARQUEOLÓXICA DO CONTORNO

1. ANTECEDENTES E SITUACIÓN ACTUAL.

No proxecto impulsado pola SGHN de "RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE VILASECA PARA A RECUPERACIÓN DE ESPECIES AMEAZADAS (TRASMIRAS, A LIMIA, OURENSE)" estimouse oportuno a realización dun informe de avaliación do impacto que a intervención poidera ter sobre o patrimonio arqueolóxico do espacio afectado, tal e como se preve nos estudos de impacto ambiental esixidos pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente.

A parcela que nos ocupa é limítrofe coa Zona de Especial Protección de Aves (ZEPA) de A Limia e sitúase dentro da Zona Periférica de Protección; o terreo afectado ubícase na zona de concentración parcelaria de Trasmiras e aínda que se localiza entre os concellos de Trasmiras e Sarreaus, administrativamente adscribese ó Concello de Trasmiras.

Datos da parcela:

- parcela rústica nº 201 do polígono 503

- superficie é de 12.780 m²

- lindeiros:

Norte: zanxa / canle de drenaxe que a separan das parcelas 619,620,621,622 e 624

Sur: parcela 202

Este: parcela 206 (ten unha nave construída)

Oeste: camiño (pista de concentración)

2. ACTUACIÓNS PREVISTAS

Na parcela descrita no apartado anterior, que está cuberta na actualidade de monte baixo, proxectouse un área de recuperación de aves mediante unha intervención que recupera o seu hábitat natural procedendo a construír un cauce fluvial artificial e zonas anexas relacionadas.

2.1.Relación de actuacións:

-desbroce selectivo do mato nun área de 8.000 m²

-escavación dunha canle inscrita na parcela de 700 m lineais, con sección trapezoidal variable entre 5 e 7 m na rasante do terreo e entre 0,5 e 2 m no leito. Esta canle terá unha profundidade máxima de 0,70 m.

-construcción dun montículo adicado á observación de 3 m de altura, cunha base de 22 x 17 m (5 x 10 m na cima).

Os traballos citados requirirán mover 3.600 m³ de terra (1.500 m³ de terra vexetal e 2.100 m³ de áridos) que se reutilizaran parcialmente para construción do montículo de observación e o

restante para reperfilar e recuperar os noiros dunha canteira no concello próximo de Vilar de Santos.

3.AVALIACIÓN ARQUEOLÓXICA DO ESPACIO

3.1.O Contorno da Veiga De Vilaseca

A Veiga de Vilaseca / Abavides é un amplo espazo de chaira que se estende no lindeiro dos concellos de Sarreaus, Trasmiras e Xinzo de Limia. Conforman un espazo de identidade propia e con límites moi ben definidos. Aproximadamente no centro da planicie da Veiga sitúase a parcela na que se pretende construír a zona de recuperación de aves proposta.

Dadas as especiais condicións xeográficas do espazo xunto coa alteración propia dos traballos de concentración parcelaria levados a cabo, o contorno máis achegado ó lugar obxecto de estudo amosa un aspecto monótono e homoxéneo caracterizado por parcelas trazadas seguindo un deseño ortogonal tentando aproveitar do mellor xeito posible as terras concentradas. As parcelas resultantes forman unha grella configurada por pistas lixeiramente sobre-elevadas (pavimentadas as principais e de grava as secundarias) e canles de rega e drenaxe que se salvan por un número elevado e regular de pontes e pontellas.

Nas marxes das pistas e canles desarróllanse pequenas matas de arbustos e árbores de pequeno porte na súa maioría. O resto do espazo é, como dixemos, unha ampla chaira de terras de cultivo que se inunda periódicamente coas choivas pois a pendente e a baixa permeabilidade do chan dificultan a drenaxe do terreo mantendo charcas durante boa parte do ano. Na actualidade a concentración parcelaria estendese ata as primeiras inflexións montañosas do terreo, límite natural no que se asentaron a maioría dos lugares habitados. Neste límite ubicáronse dende antigo os núcleos de poboación de xeito que tamén acolle a práctica totalidade dos xacementos arqueolóxicos existentes no contorno, sendo especialmente relevantes os restos documentados de época castrexa/romana (Abavides, Lodoselo, Vilaseca, Escornabois, Sarreaus ...) e medieval coa presenza de restos de torres defensivas en Abavides, Escornabois ou Boado.

A dualidade entre espazo seco e espazo "húmido" tamén se reflicte na toponimia que indica ás claras unha veiga de uso non agrícola, definindo espazos relacionados con aproveitamentos "secundarios": Searas, As Searas Novas, Os Campos Os Paños, As Queimadiñas, A Birtada, A Poula da Veiga, A Abelleira, Os Piñeiros da Anta, A Devesa, A Granxa, O Prado Vello, Prado do Río, O Mosqueiro, Os Paranos, Bustelo, A Veiga, Poza Redonda, Os Tesos, O Areal, Vilaseca, A Veiga de Vilaseca, Río Vello, O Ribeiro, As Portelas, As Corzas, A Lavandeira, Sanguiño, As Toxeiras, O Salgueiro, O Carpazal.....

A incidencia que as actuacións en terreos rústicos teñen sobre a paisaxe poden minimizarse mediante un estudo previo que avalie a viabilidade das obras e no seu caso contemple as medidas correctoras correspondentes. Como norma xeral para os xacementos arqueolóxicos establécese un área de cautela mínima que abrangue 200 m dende os límites

estimados do mesmo. Esta distancia de respecto redúcese a 100 metros no caso de edificacións históricas e a 50 metros cando se trata elementos etnográficos illados.

Normativa de aplicación referente ó patrimonio cultural:

- Lei 16 / 1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español
- Lei 8 / 1995 do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 3 / 1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago
- Decreto 199 / 1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 449/73 do 22 de febreiro relativo á protección dos horreos
- Decreto 571 /1963 do 14 de marzo relativo á protección de escudos, pedras heráldicas, rollos de xustiza, cruces de término...
- Decreto do 22 de abril de 1949 Protección dos Castelos Españois

3.2. A parcela 201 de Escudeiro

No caso que nos ocupa estimamos que as accións encamiñadas a protexer o patrimonio etnográfico e arqueolóxico deben materializarse en tres fases sucesivas seguindo os avances realizados na recuperación da parcela. Actualmente o lugar afectado carece de uso polo que se atopa cuberto de mato na maior parte da súa superficie.

3.2.a. Na primeira fase de actuación (actual) faremos unha avaliación do terreo circundante e máis da relación do espacio intervido co mesmo. Dadas as características das obras proxectadas reduciremos o ámbito de estudo ó detalle a 1000 m. (*mil metros*) do lugar afectado pola intervención, distancia que estimamos máis que folgada tendo en conta que non está prevista a construción de edificacións nin instalacións de obra, sendo a única alteración relevante na rasante do terreo un pequeno montículo adicado a lugar de observación. Unha vez rematada a intervención o impacto visual será inapreciable.

De xeito complementario teremos en conta os xacementos arqueolóxicos nun radio de 5 km (*cinco kilómetros*) para facernos unha idea axeitada do desenvolvemento histórico do contorno.

3.2.b. Nunha segunda fase, unha vez desbrozada e limpa a parcela, realizarase unha prospección superficial do lugar con cobertura total, seguindo os protocolos e técnicas habituais para este tipo de traballos.

3.2.c. Por último farase un seguemento do movemento de terras con obxecto de inventariar e protexer os posibles xacementos que poidan localizarse no transcurso das obras.

3.3. Elementos catalogados nas proximidades da parcela.

Como era de esperar nesta primeira fase de avaliación do terreo afectado pola intervención proposta no proxecto de referencia, os xacementos arqueolóxicos catalogados e inventariados nos arquivos da Dirección Xeral do Patrimonio atópanse todos nos espazos menos

propensos ás inundacións, incluso cando estas son somentes ocasionais. Dadas as alteracións que sufriu A Veiga de Vilaseca no transcurso das obras de concentración parcelaria, que significou a desaparición dos camiños, cauces e peches tradicionais, tampouco se localizan nas proximidades da parcela estudada ningún tipo de elemento arquitectónico ou etnográfico. Este feito supón que a parcela que nos ocupa non está afectada por ningunha servidume no que atinxe o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

3.4. Relación e caracterización dos xacementos arqueolóxicos máis achegados á parcela afectada.

- GA32082003 Xacemento castrexo / romano do Penedo do Mouro (distancia de 1100 m)
- GA32078TOP5 Topónimo A Medorra (túmulo) a 1950 m de distancia.
- GA32078TOP1 Xacemento romano de A Medorra (distancia 2500 m sen visión directa)
- GA32082007/8/9 Xacementos de Escornabois (restos castrexos, romanos e medievais) a 3100m de distancia e sen visión directa
- GA32082012 . Xacemento medieval de A Torre en Abavides (distancia 3700 m).

O patrimonio etnográfico e arquitectónico conta con numerosos elementos catalogados (templos, capelas, camiños, muiños, cruceiros, fornos, hórreos e vivendas) aínda que todos eles se inscriben en conxuntos rurais moi alonxados da parcela que nos ocupa.

Os datos empregados para a primeira fase do proxecto foron sacados dos inventarios da Dirección Xeral de Patrimonio, da relación de elementos presente nas Normas Complementarias e Subidiarias para os concellos sen planeamento urbanístico e do propio planeamento nos concellos que dispuñan del. Como complemento os datos empregouse o completo e recente estudio realizado polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense sobre o patrimonio da Alta Limia.

Como único dato a ter en conta compre remarcar a existencia do topónimo A Madorra, nun terreo situado ó sur da parcela que nos ocupa a uns 800 m de distancia (UTM : 614833,4657418), como é sabido este topónimo adoita referirse a un túmulo prehistórico, do cal nunha primeira aproximación ó lugar non se aprecian restos en superficie.

CONCLUSIÓN


Dadas as características especiais do contorno no que se inscribe a parcela afectada polos traballos de restauración ambiental, referidas tanto as antigas condicións naturais do espacio como as alteracións antrópicas sufridas ó longo dos últimos 50 anos (drenaxe e nivelación do terreo, parcelación, traballo agrícola, etc...), non se aprecian en superficie restos de estruturas ou materiais que fagan pensar na existencia de xacementos arqueolóxicos, nin existen nas proximidades elementos inventariados de tipo arqueolóxico, histórico ou etnográfico

susceptibles de afección directa ou indirecta (impacto visual) por parte das construcións proxectadas.

Os traballos previstos carecen de entidade suficiente como para ser apreciables visualmente dende as áreas máis elevadas do contorno, aínda que tanto a distancia á que se encontran os elementos inventariados como a existencia doutras construcións no mesmo entorno, fan irrelevante este efecto.

A vista dos datos existentes neste momento relativos ó patrimonio arqueolóxico e etnográfico da área de estudio e máis das apreciacións feitas sobre o terreo estimamos que dende as obras proxectadas son compatibles coa preservación do patrimonio arqueolóxico.

O Carballiño 23 de outubro de 2013.




D. Juan Manuel González Carballo


Arqueólogo

RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE VILASECA PARA ARECUPERACIÓN DE ESPECIES AMEAZADAS (TRASMIRAS, A LIMIA, OURENSE)

IMAXES, MAPAS E PLANOS.



Situación da parcela no MTN escala 1:50000 (folla Ginzó de Limia 1939) donde se aprecia a antiga rede de camiños.



Situación da parcela no mapa provincial (Ourense) escala 1:200000 de 1943. Relación cos sistemas fluviais antes da desecación da Lagoa de Antela.



Vista aérea (1956) do entorno afectado pola actuación antes dos traballos de concentración parcelaria. A parcela que nos ocupa localízase no centro da imaxe.

Vistas da parcela afectada, estado actual.



Vista dende o Norte.

RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE VILASECAPARA ARECUPERACIÓN DE ESPECIES AMEAZADAS (TRASMIRAS, A LIMIA, OURENSE)



Vista dende o Sur.



Vista dende o Leste.

RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE VILASECAPARA ARECUPERACIÓN DE
ESPECIES AMEAZADAS (TRASMIRAS, A LIMIA, OURENSE)




Vista xeral da Veiga de Vilaseca dende o sur.



No horizonte o poboado fortificado do Penedo do Mouro, situado ó sur da parcela e cortado en dous pola pista. Acolle restos castrexos e romanos.

RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE VILASECAPARA ARECUPERACIÓN DE ESPECIES AMEAZADAS (TRASMIRAS, A LIMIA, OURENSE)



Plano de detalle pondo en relación a parcela (SGHN) co xacemento catalogado máis achegado (CASTRO) situado ó sur, e un posible túmulo prehistórico (A Madorra) localizado nunha parcela próxima.

Informe Geológico sobre la parcela rústica Nº 201, Polígono 503, paraje de Escudeiro, Concellos de Sarreaus y Trasmiras (Prov. de Ourense).

J. Ramón Seara Valero
Geólogo
Prof. del Dpto. Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio
Universidade de Vigo
Miembro de la SGHN.

1.- Objeto de este estudio

El objeto de este estudio es informar de las características geológicas del entorno de una parcela rústica propiedad de la Sociedad Galega de Historia Natural y en la que se proyecta restaurar el hábitat de varias especies amenazadas. Entre las acciones de este proyecto destacan:

1. Desbroce selectivo del matorral.
2. Excavación de 700 m. lineales de nuevos cauces de trazado meandriforme y sección trapezoidal variable de 5 - 7 m de anchura en la rasante con el terreno; 0,5 - 2 m. de anchura en el lecho y una profundidad máxima de 70 cm.
3. Creación de un montículo de observación ornitológica en la esquina SW de la parcela de 22 x 17 m. en su base; 10 x 5 m. en su cúspide; taludes 1:2 y 3 m. de altura.

2.- Localización de la zona de estudio

La zona objeto de estudio es la parcela rústica Nº 201 del Polígono 503 situado en el paraje de Escudeiro de la comarca de A Limia en la parte centro-occidental de la provincia de Ourense (véase la Fig. 1).

La superficie de esta parcela de contorno irregular ronda las 1'28 Ha y, aproximadamente, su mitad septentrional pertenece al municipio de Sarreaus y el resto al de Trasmiras (véase la Fig. 2). A estos municipios pertenecen precisamente las dos localidades más próximas: San Román de Vilaseca (Trasmiras) a unos 1,21 Km. al SE y Santa María de Lodoselo (Sarreaus) a unos 1,86 Km. al NE.

Limita esta parcela en su lado occidental con una pista de concentración parcelaria, al norte con una canal de drenaje y al este y sur con fincas agrícolas. Su contorno, como ya dijimos, es el de un polígono irregular de unos 483 m. de perímetro (véase la Fig. 2) siendo las coordenadas de sus vértices:

NW: 614.543.97 - 4.658.145.88
NE: 614.662.04 - 4.658.112.57
SW: 614.521.30 - 4.658.001.71
SE: 614.676.16 - 4.658.056.00




Fig. 1.- Mapa de situación general de la zona de estudio. Fte: IBERPIX (I.G.N.E).



Fig. 2.- Mapa de situación de detalle de la parcela de estudio. Nótese como ésta se sitúa en una zona de topografía llana y a caballo entre los ayuntamientos de Sarreaus, al norte, y Trasmiras al Sur. Fte: IBERPIX (I.G.N.E)

3.- Marco geológico general de la zona de estudio.-

La parcela de estudio es un pequeño fragmento llano y de unos 629 m de altura que se enclava en la parte centro-nororiental de la subcuenca de Abavides¹ -véase la Foto 1 y la Fig. 3- y que junto a la de Antela y la de Rairiz de Veiga componen la gran cuenca tectono-sedimentaria de A Limia.




Fig. 3.- Situación de la zona de estudio en la subcuenca de Abavides de la Cuenca de A Limia. Fte: Seara Valero, J. R. (2009)².

Esta subcuenca de Abavides forma aquí un extenso sediplano sobre una espesa sucesión de rocas detríticas cenozoicas con cotas que oscilan entre los 620 (al oeste) y los 680 m (al este). Salvo por el oeste, donde conecta insensiblemente con el de la subcuenca de Rairiz de Veiga, este sediplano aparece bruscamente interrumpido por fuertes escarpes de origen tectónico que lo separan de una extensa “*superficie grabada*”, es decir, una superficie de

1. Esta subcuenca de Abavides, previamente definida por Chamón e Fernández (1972) y Seara Valero (2009), ocupa el tercio sudoriental de la Cuenca de A Limia y posee una extensión aproximada de 76 Km². Geológicamente se caracteriza por un menor espesor de la serie sedimentaria de edad Cenozoica, su relativa irregularidad topográfica, que posibilita la presencia en su interior de grandes afloramientos hercínicos como son los horst de Abavides y de Vilaseca, su mayor densidad de drenaje y por la práctica ausencia de lignitos entre sus sedimentos.

2.- Seara Valero, J. R. (2009).- “*Estudio geológico y geofísico del acuífero termal de la subcuenca de Antela. Prov. de Ourense. Fase I*”. Inf. Inédito. Dirección Xeral de Industria e Enerxía e Minas da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia

arrasamiento de posible edad preterciaria y parcialmente erosionada, que se eleva con gran regularidad en torno a los 200-300 m metros sobre aquel (véanse las Fotos 2 y 3). Un fragmento de esta superficie grabada penetra en la subcuenca de Abavides para formar un pequeño horst de dirección NE-SW al sudeste de la parcela en torno a la población de Vilaseco (véase Foto 4).

Por lo demás, tanto el zócalo de la subcuenca de Abavides, como los materiales que afloran en las superficie grabadas que lo rodean pertenecen a la denominada Zona de Galicia Media –Tras os Montes constituida por una potente sucesión de series metamórficas intruídas por rocas plutónicas y filonianas estructuradas en la orogenia hercínica (véase la Fig. 4).

4.- Estudio geológico de la parcela

Por los antecedentes descritos, la parcela de estudio se halla en el interior del sediplano de la subcuenca de Abavides. Por tanto, debemos suponer que la parcela se encuentre en el techo de una espesa sucesión de rocas sedimentarias detríticas de edad cenozoica que se apoyan en profundidad sobre un zócalo hercínico constituido, probablemente, por granitos de dos micas orientados.

Sin embargo, no existe en el interior de la parcela ningún afloramiento que nos permita observar dichos materiales ante la ausencia de taludes, sean artificiales o naturales, y la espesa vegetación que la recubre.

Tan solo en las márgenes muy cubiertas de maleza del canal que por el norte limita a la parcela, y que apenas alcanza una profundidad de un metro (véase la Foto 5), puede entreverse la presencia de estos sedimentos, aunque la intensa alteración a la que aquí están sometidos nos impide describirlos con mayor concreción.

Afortunadamente, no lejos de la parcela existen varias calicatas que nos han permitido observar el techo de estos materiales. En particular nos ha sido especialmente útil la ubicada en el lugar de “Os Tesos”, con coordenadas 614.480.49-4657.788.49 y a unos 234 m al sur del vértice sudoccidental de la parcela (véase la Foto 8).

En esta calicata se observan tan sólo los 1,72 m superiores de la sucesión cenozoica, por hallarse el resto de la excavación sumergida bajo el nivel freático³ (véanse las Fotos 6 y 7). Como puede verse en la Foto 7, se trata de un sistema de paleocauces con surcos bien visibles y en los que destaca interiormente la presencia de laminación y estratificación cruzada (véase la Foto 8). Los sedimentos están compuestos por arenas de matriz arcillosa en la que destaca la abundancia de granos de cuarzo y feldespatos muy angulosos y

3. La fotografía se tomó el 14 de octubre de este año.



Foto 1.- Vista de la subcuenca de Abavides desde la localidad de Viladerei. Al fondo (norte) puede verse el horst de Baronzás-Bresmaus que la separa de la subcuenca de Antela.



Foto 2.- La parcela de estudio, en primer plano, aparece como un fragmento de un vasto sediplano que se corta bruscamente, al fondo de la fotografía, mediante un escarpe tectónico que la separa de la superficie de arrasamiento en torno a Penalba-Marco dos Valientes.



Foto 3.- Vista del escarpe tectónico que separa la subcuenca de Abavides de la superficie grabada en torno a Nocelo da Pena.



Foto 4.- Horst de Vilaseco, al sudeste de la parcela estudiada y que apenas se eleva unos 40 m sobre la superficie del sediplano.





Fig. 4.- Mapa geológico a escala 1/200.000 de los alrededores de la Cuenca de A Limia según Barrera et al. (1989)⁴.

4.- Barrera Morate, J. L; Farias Arquer, P.; González Lodeiro, F.; Martínez García, J.; Martín Parra, L. M.; Martínez Catalán, J. R.; Del Olmo Sanz, A. y Pablo Maciá, J. G.- (1989).- “Memoria y Hoja N° 17/27 (Ourense/Verin). Mapa Geológico de España, E: 1/200.000”. ITGE, Madrid.



Foto 5.- Aspecto de los márgenes del canal que linda por el norte con la parcela de estudio. Obsérvese la ausencia de afloramientos útiles para el estudio litológico.



Foto 6.- Aspecto general de la parte sur de la calicata de “*Os Tesos*” en donde aflora el techo de la sucesión cenozoica no lejos de la parcela de estudio. Obsérvese la presencia del nivel freático a solo 1,72 m de la superficie.



Foto 7.- Aspecto de los surcos de erosión y estratificación y laminación cruzada en los sedimentos de “*Os Tesos*”. Obsérvese también la presencia de cementos férricos en los primeros 45 cm del sedimento.



Foto 8.- Surcos y estratificación y laminación cruzada de los sedimento de “*Os Tesos*”.



Foto 9.- Fotografía de detalle de los sedimentos arenos-arcillosos que componen el techo de la serie cenozoica en el lugar de “*Os Tesos*”. Obsérvese la abundancia de granos angulosos de cuarzo y feldespato (< 2 mm) engastados en una matriz arcillosa en la que se presenta algún fragmento de pizarra. Obsérvese también la transición rápida pero gradual de la zona de oxidación.

diámetros comprendidos entre 0,5 y 2 mm, seguidos por granos de moscovita, biotita y, excepcionalmente, por algún canto de pizarra mas redondeado y de hasta 2,5 mm de eje (véase la Foto 9).

Por tanto, creemos que los materiales que constituyen el substrato de la parcela de estudio son sedimentos aportados por una red fluvial de edad cenozoica y cuya cabecera se hallaba en un área preferentemente granítica con algún enclave metamórfico. Por otra parte, la escasa esfericidad de los granos y su elevada angulosidad sugieren un corto transporte por lo que, en principio, podríamos suponer que proceden de un área no excesivamente lejana del horst de Vilaseco en donde coinciden las litologías cristalinas apuntadas.

Ante la falta de afloramientos, no es posible deducir en esta área la potencia de estos niveles fluviales en la parcela de estudio.

Por otra parte, la presencia de óxidos férricos que cementan los primeros 40 cm del sedimento en la calicata de "Os Tesos" (véase la Foto 7) puede relacionarse con la zona de ETP del acuífero libre subyacente y que en el día que fue observado (24 de octubre) tenía su nivel freático a 1,70 m de profundidad. Opinamos que la presencia de este cemento ferruginoso marca el espesor medio del nivel de ETP del acuífero y, por tanto, que su nivel freático a lo largo de un año hidrológico normal no debe hallarse lejos de esa profundidad. Por ello, creemos que si las zanjas proyectadas en la parcela de estudio se van a entallar 70 cms desde la superficie, es posible que, al menos durante las estaciones mas húmedas, dichas zanjas puedan alimentarse exclusivamente del acuífero libre que tienen por debajo y no será necesario la captación de agua en el canal que limita por el norte a la citada parcela.

Ourense, 27 de octubre de 2013-10-27



Fdo: J. Ramón Seara Valero